

V CERTAME CULTURAL IES DE BRIÓN.

MAIO 2024

BASES:

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES de Brión no curso 2023/2024, cun máximo de catro traballos por persoa, un por cada unha das modalidades das que consta o certame. Esta cita quere ser un xeito de conmemorar o 17 de Maio, día das Letras Galegas, por iso a lingua que imos empregar é o galego. **“UNHA HISTORIA DE AQUÍ”** é o lema que propoñemos para as vosas creacións. A interpretación queda aberta para que cada quen se inspire no “seu aquí”: pode ser Brión, o instituto, o seu fogar, Galicia, o círculo de amizades...o que vos apeteza!

2. MODALIDADES

- **RELATO CURTO:** Os traballos presentaranse en tipo de letra tamaño 12 e interliñado 1,5. A extensión non será inferior a 500 palabras nin superior ás 2.000.
- **POESÍA:** Poderanse presentar traballos de calquera estilo e extensión
- **CARTAZ:** Poderase empregar calquera técnica. O tamaño non excederá o DIN-A3. Se a presentación é dixital o formato será en png ou jpg e 300 ppp de resolución.
- **NOVAS TECNOLOXÍAS:** Inclúense nesta modalidade vídeos e podcast. A duración das gravacións non superará os 4 minutos. Nesta categoría poderán presentarse traballos individuais ou realizados por grupos de ata 3 persoas

3. **CATEGORÍAS:** En cada modalidade establécense dúas categorías:

- CAT A (alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO)
- CAT B (alumnado de 4º de ESO e BAC)

4. ENTREGA DOS TRABALLOS:

A data límite para participar no certame é o **6 de MAIO**. Os traballos enviaranse preferiblemente por correo electrónico á dirección certamecultural@iesbrion.com. Tamén poden entregarse presencialmente na Biblioteca do centro.

No caso de envío telemático, os traballos só irán identificados cun título, a modalidade e categoría á que pertencen e o pseudónimo da autora ou autor, sen ningún dato persoal. Remitirase posteriormente outro correo no que se identifique o traballo co nome real da persoa e o curso ó que pertence.

Os traballos que se entreguen na Biblioteca irán en sobre pechado que no exterior indicará o título e a modalidade á que se presenta. No interior, dentro doutro sobre máis pequeno, indicárase a identidade real da persoa ou persoas responsables do traballo e o seu curso. No caso dos cartaces, levarán no reverso lema e pseudónimo, e entregaranse igualmente acompañados por un sobre pechado cos datos que permitan identificar a autoría do traballo: nome completo e curso.

5. PREMIOS:

Establécense dous premios por categoría en cada unha das modalidades

1º Premio: Diploma, 50€ en efectivo e cheque de 20€ para material de librería

2º Premio: Diploma e cheque de 20€ para material de librería

* No caso de traballos colectivos, dúplícase o importe do premio

O xurado poderá decidir deixar deserta algunha categoría.

Un dos cartaces gañadores empregarase para a difusión da vindeira edición do Certame Cultural.

O fallo do xurado darase a coñecer no IES, *no decurso dos actos conmemorativos do 17 de maio.*

A organización do Certame Cultural IES DE BRIÓN 2024 resérvase a potestade de publicar o contido dos traballos gañadores. Trátase exclusivamente de poñer en valor o esforzo creativo dos participantes e animar a que cada vez máis alumnado participe.

IES de Brión & Anpa Pedra Viada